

VENTRE E LOGOS “Nunca atopei concepto ningún que caiba nunha palabra”. A frase é de Jacques Derrida. Se empezo con ela é porque entendo que acumula potencialidade para falar da poética de Chus Pato. Nela mesma —no que di— e tamén lida en negativo. Pódese pensar se Derrida e a poeta de *Nínive* e *Charenton* aceptarían que o discurso (entendido como resultado dun acto e dunhas condicións enunciativas), que o texto (entendido como tecido de restos e rexistros non monolóxicos), que *a escritura* en fin en canto proceso, rede, hibridación, avance, indeterminación do suxeito de seu, *horda...* conteñen todos os conceptos e, de carón seu, o mundo.

A cuestión non é menor, porque dela depende o fundamental da comprensión que pactemos sobre o que sexa hoxe (a) poesía. Que non é nada específico, nada que aquí ou nalgures esteamos en condicións de demarcar. Nada que se reduza (oh!) á *palabra* e a súa orde. Pero que da tradición que vén de Hölderlin mantén a capacidade de fundamentación, o perigo diante da historia: mantén logo nada menos que o mundo e a vida en inminencia. E do xiro que vai de Mallarmé ás vangardas incorpora aínda a chave volcánica: ese deitar lava —destrución/produción— que cativou ao movemento surrealista e que Chus Pato revisita como mitema en *Hordas de escritura*.

Do mineral ao animal, da arquitectura aos leitos fluviais, o espazo, a terra. O espazo contemplado con mirada de edafóloga e con ferramentas que rexistran a transformación, o cambio, ás veces semella que lido en *longue durée*. A poesía de Chus Pato éo da mudanza, dun presente que ve a historia e proxecta con ela o devir colectivo. Sabéndose, recoñecendo. Xénero, nación, lingua, corpo, cultura. E erosión, humus, metamorfose, morte. Pero ningún concepto entra nunha palabra. Nin sequera *vida*, *humanidade*, *poesía* ou *fin*. A escritura que vai de *Urania* a *Hordas* representa outra cartografía, outros límites, outro habitus, outras posibilidades de entender e de dicirse, outra forma de comunicar e de ler. Aconteceu así ao longo destes case vinte anos. Ninguén máis influíu tanto.

Son poucos os poetas cos que é imposíbel non dialogar. Celebremos que nós temos unha. // **Arturo Casas**